

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CARBALLO

*Aprobación definitiva do Regulamento do Consello Deportivo Municipal do Concello de Carballo. Aprobación definitiva do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo*

#### ANUNCIO

**Ordenanzas: aprobación definitiva**

**Aprobación definitiva do Regulamento do Consello Deportivo Municipal do Concello de Carballo**

**Aprobación definitiva do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo.**

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 28 de abril de 2014 adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

- 1.–A aprobación inicial do Regulamento do Consello Deportivo Municipal do Concello de Carballo.
- 2.–A aprobación inicial do Regulamento do réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas de titularidade do Concello de Carballo.

Sometidos ambos os dous expedientes a exposición pública por un prazo de 30 días, contados a partires do seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia –n.º 88, do 12/05/2014, anuncio 2014/4933-, para que os interesados poideran presentar as alegacións que considerasen oportunas, o devandito prazo ten transcorrido sen que se presentaren alegacións.

Polo tanto, procédese, ao abeiro do previsto no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, á publicación do anuncio da súa aprobación definitiva no B.O.P, xunto co texto íntegro das normas aprobadas, que entrarán en vigor unha vez transcorrido o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, contado desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio.

#### <<REGULAMENTO DO CONSELLO DEPORTIVO MUNICIPAL DE CARBALLO

Carballo está a implantar unha política deportiva municipal de enfoque público. Esta traxectoria viuse reforzada cunha aposta decidida pola dotación, mellora e modernización de instalacións deportivas ao longo de varias décadas. A dispoñibilidade destes espazos e a vocación de ofertar novos servizos permitiu a xeneralización da práctica físico-deportiva. Actualmente existe un elevado número de clubs e deportistas federados/as en diferentes modalidades deportivas e o número relativo de practicantes é un bo indicador disto.

Despois de 30 anos de existencia do Padroado Deportivo Municipal, e tras a súa disolución a finais de 2013, cómpre poder manter un mecanismo que garanta a representatividade do movemento asociativo do deporte local. A creación dun Consello Deportivo Municipal procura asegurar esta representatividade, así como acadar un alto nivel de interlocución co propio goberno municipal, co obxectivo de promover entre todos os axentes implicados unha práctica deportiva de calidade.

Segundo o artigo 39 do Regulamento de participación cidadá do Concello de Carballo, no título referido aos órganos de participación cidadá: “O Pleno do Concello poderá acordar o establecemento de consellos sectoriais para cada unha das áreas da actividade municipal. Os consellos sectoriais son órganos de participación, información e proposta da xestión municipal, referida aos distintos sectores de actuación nos que o Concello ten competencia. A composición, organización, ámbito de actuación e réxime de funcionamento dos consellos sectoriais serán establecidos polo Pleno do Concello, de con-

formidade co establecido na lexislación vixente. Deberán contemplar, en todo caso, a adecuada e suficiente representación e participación das asociacións veciñais, cuxa actividade teña relación co ámbito das súas competencias. Os devanditos consellos crearanse sen prexuízo dos consellos establecidos pola lei estatal ou autonómica”.

Polo anteriormente exposto propónse a creación dun Consello Deportivo Municipal nos seguintes termos:

#### **Artigo 1.–Finalidade.**

O Consello Deportivo Municipal de Carballo (en adiante CDMC) configúrase como un órgano colexiado de asesoramento, consulta, proposta, información e participación sobre a actividade deportiva no ámbito territorial do concello.

#### **Artigo 2.–Funcións do Consello Deportivo Municipal.**

As funcións do CDMC son as seguintes:

1. Propoñerlle iniciativas ao Concello de Carballo en materia de programas e accións no eido deportivo.
2. Servir de foro de participación e integración do movemento asociativo deportivo e, en xeral, do tecido social que desenvolva unha actividade de interese para o sector deportivo.
3. Colaborar co Concello e coas diferentes áreas implicadas na xestión e o desenvolvemento efectivo da programación anual de actividades e do mantemento das infraestruturas deportivas do Concello de Carballo.
4. Calquera outra función directamente relacionada co benestar e co desenvolvemento persoal e colectivo de todos/as os/as practicantes de actividades físico-deportivas.

#### **Artigo 3.–Competencias.**

O CDMC será informado de cantas actuacións leven a cabo os distintos órganos da Corporación de Carballo en asuntos de materia deportiva.

Así mesmo, poderá solicitar, a través do seu presidente ou presidenta, información da Administración sobre calquera materia concernente ao sistema deportivo municipal.

#### **Artigo 4.–Membros do CDMC.**

O CDMC estará integrado polos seguintes membros:

- a) O alcalde, alcaldesa ou concelleiro/a en quen delegue.
- b) Un/unha (1) vogal, en representación de cada un dos grupos políticos con representación na Corporación. Serán concelleiras/os membros da Corporación, que serán designadas/os polo Pleno a proposta das/os respectivas/os voceiras/os, quen poderán tamén designar suplentes dos/as seus/súas vogais titulares, ben con carácter permanente, ben para unha sesión concreta, mediante escrito dirixido á Presidencia do Consello.
- c) Cinco (5) representantes das asociacións ou clubs deportivos, elixidos entre todas as entidades deportivas implantadas na localidade.
- d) Un/unha (1) representante dalgunha das asociacións ou entidades de implantación local que traballen vencelladas ao eido do deporte (anpas, asociacións de veciños/as, etc.).

O mandato dos membros do CDMC será de catro anos, coincidentes con cada mandato municipal. Ningún dos cargos do CDMC será retribuído.

#### **Artigo 5.–Organización e funcionamento do CDMC.**

A organización e funcionamento do CDMC serán as seguintes:

1. O Consello estará presidido polo alcalde, alcaldesa ou concelleiro/a en quen delegue, que terá as seguintes atribucións:
  - a) Actuar como enlace entre a Corporación e o CDMC.
  - b) Convocar as reunións do CDMC, dirixir o debate e determinar a orde do día para as sesións, tendo en conta as propostas que propoñan os distintos membros para a súa elaboración.
2. A vicepresidencia do CDMC será asumida polo/a concelleiro/a delegado/a da Área de Deportes. Se o alcalde ou alcaldesa delegase a Presidencia, deberá tamén designar a Vicepresidencia.
3. No caso de que a Presidencia delegue o seu cargo por tempo indefinido na Vicepresidencia, incorporárase como vogal un membro do mesmo grupo municipal daquel.
4. Actuará como secretario/a o Director do Servizo Municipal de Deportes. Na súa ausencia será substituído polo traballador/a municipal que designe o Alcalde.

5. O ámbito territorial de actuación do CDMC será o Concello de Carballo.

#### **Artigo 6.-Pleno do CDMC.**

1. O Pleno do CDMC estará constituído por todos os seus membros.
2. Para a súa constitución inicial será necesario que asistan, cando menos, os dous terzos dos membros que compoñan o Pleno.
3. De non acadarse o quórum establecido, procederíase a unha nova convocatoria nun prazo máximo de 7 días.
4. O Pleno do CDMC deberá xuntarse, como mínimo, unha vez ao ano, en sesión ordinaria.
5. Poderá xuntarse en sesión extraordinaria se o considera oportuno o/a presidente/a, ou ben se o solicitan por escrito como mínimo unha terceira parte dos/as vogais do Pleno do CDMC.
6. Previa autorización do/a presidente/a e a requirimento de calquera membro do Consello, poderán asistir ás reunións persoas a título individual relacionadas cos fins do CDMC e, en todo caso, os/as técnicos/a municipais dos departamentos implicados nos programas deportivos.
7. Os acordos de aprobación de propostas requirirán o voto favorable da maioría dos membros presentes na sesión do CDMC.
8. Na acta da sesión, indicárase o voto particular de cada un dos membros respecto a cada unha das propostas e informes que emita o consello para a súa posterior deliberación no órgano administrativo que corresponda. En todo caso para que unha proposta ou informe se someta ao órgano administrativo correspondente, deberá contar cando menos co apoio da maioría simple dos/as asistentes.
9. Calquera membro do Pleno do CDMC ten dereito a examinar e recibir, se así o solicitara, copia das actas e da documentación do Pleno.

#### **Artigo 7.-Convocatoria das sesións do Pleno.**

1. A convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias do Pleno do CDMC farase con tres días de antelación ao sinalado para a celebración da sesión.
2. Comunicarase aos membros a data da celebración do Pleno do CDMC, notificándollos con cinco días de antelación á convocatoria da sesión, ao obxecto de que poidan propoñerlle ao presidente ou presidenta a inclusión de determinados temas na orde do día.
3. Cando concorran razóns de urxencia, poderá convocarse con vinte e catro horas de antelación. A apreciación da urxencia terá que ser ratificada pola maioría simple dos/as asistentes á sesión e con antelación á consideración dos puntos que integran a orde do día.
4. A convocatoria acompañarase da orde do día, na que se fixarán os puntos para tratar. Todas as convocatorias terán que ser comunicadas polos medios que o Concello considere, pero garantindo sempre o acuse de recibo.

#### **Artigo 8.-Orde do día.**

1. A orde do día será establecida polo/a presidente/a e deberá incluír os asuntos que fosen solicitados con anterioridade polos/as membros do Pleno.
2. Establecida a orde do día, non poderá alterarse nin modificarse salvo que, estando presentes todos/as os/as compoñentes, se adopte unha decisión na propia sesión na orde de tratar e debater un asunto non incorporado na orde do día por maioría simple dos membros asistentes á sesión.
3. A orde do día seralle enviada aos membros xunto coa citación ou convocatoria da sesión do Consello, achegando copia da acta ou actas das sesións anteriores que deban ser aprobadas.
4. Incorporarase como último punto da orde do día un apartado de quenda de intervencións libres, independentemente do carácter da sesión.

#### **Artigo 9.-Comisións de traballo.**

1. No caso de que o pleno do CDMC así o considerase poderase proceder á constitución dunha comisión de traballo, sobre unha temática concreta e coa composición e atribucións que propoña o Consello pleno.
2. As comisións de traballo poderanse xuntar cantas veces o consideren oportuno os seus membros.

#### **Artigo 10.-O/a presidente/a.**

O/a presidente/a do CDMC terá as seguintes funcións:

1. Ostentar a representación oficial do CDMC e a representación oficial do Concello.

2. Fixar a orde do día, convocar e presidir as sesións e moderar os debates do Pleno do CDMC.
3. Autorizar coa súa sinatura os acordos do Pleno do CDMC e trasladar os acordos.
4. Decidir os empates co voto de calidade.
5. As demais funcións inherentes á súa condición de presidente/a do órgano.

**Artigo 11.-O/a vicepresidente/a.**

O/a vicepresidente/a asume as atribucións do/a presidente/a en caso de ausencia, vacante ou doenza.

**Artigo 12.-O/a secretario/a.**

Serán funcións do/a secretario/a:

1. Notificar a convocatoria das sesións do Pleno do CDMC, que convocará o/a presidente/a, cando menos con tres días de antelación, segundo a orde do día
2. Redactar as actas das sesións e dar fe dos acordos do Pleno, co visto e prace do/a presidente/a.
3. Custodiar os libros de actas do Pleno do CDMC, así como a documentación relativa ao seu funcionamento, que estará depositada no Servizo Municipal de Deportes.
4. Calquera outra tarefa, relativa ás funcións xenéricas da secretaría, que lle encomende o CDMC.
5. Coordinar a elaboración das memorias á que fai referencia o artigo 13

**Artigo 13.-Memorias anuais.**

O CDMC ao remate de cada ano elaborará unha memoria da súa actuación.

Igualmente, o CDMC elaborará ao remate de cada ano, un informe sobre o estado do sistema deportivo no municipio que enviará, para o seu coñecemento, á Corporación municipal.

**Artigo 14.-Renovación do CDMC e perda da condición de membro.**

Ao remate de cada mandato municipal, despois de celebradas as eleccións municipais, renovarase a composición dos membros do CDMC.

1. No caso de producirse algunha vacante durante o mandato, esta deberá ser cuberta nun prazo máximo de dous meses. O novo membro será polo tempo que resta completar o mandato e será elixido polo proceso establecido no artigo 15.

2. Os membros do Consello cesarán:

- a) se perdesen a condición que determinou o seu nomeamento,
- b) por vontade propia, formulada mediante escrito ao/á presidente/a e que se fará efectiva despois de dar conta ao Pleno do CDMC,
- c) por decisión motivada do Pleno do Concello,
- d) a proposta do grupo político que os nomeou,
- e) por incapacidade permanente ou falecemento,
- f) ao finalizar o mandato de cada Corporación, se ben continuarán nas súas funcións até a toma de posesión do seus sucesores ou sucesoras.

**Artigo 15.-Proceso electoral do nomeamento do CDMC.**

1. O Pleno do Concello aprobará a convocatoria de eleccións para nomear os/as representantes dos diferentes colectivos do CDMC.

2. Esta convocatoria notificarase aos sectores da sociedade civil representados no CDMC, que se establece no artigo 4 deste Regulamento.

3. Os diferentes colectivos representados no CDMC procederán á elección dos seus representantes, en asemblea única, convocada polo CDMC para tal efecto, na que se presentarán as candidaturas existentes, e exercerá como secretario/a a/o concelleira/o de Deportes ou persoa en quen delegue.

4. O sistema de votación será secreto, aínda que poderá ser a man alzada se están de acordo todos/as os/as asistentes.

5. Para ratificar a designación do/a representante de cada colectivo, será asinada a acta correspondente por todos/as os/as presentes, en sinal de acordo.

6. As persoas que non resultasen elixidas como representantes, pasarán a formar parte dunha listaxe de suplencias, en orde aos votos que obtivesen, para os casos nos que se produza unha vacante antes do remate do mandato municipal.

7. En ningún caso a persoa representante poderá ser membro directivo ou practicante doutra entidade deportiva, sen que ningunha entidade ou federación deportiva poida ter máis dunha persoa representante.

8. A asemblea única citada no apartado 3 deste artigo estará formulada por un representante de cada unha das entidades, designado polas mesmas a tal efecto.

#### **Artigo 16.-Sede do CDMC.**

A sede e lugar de reunións do CEMC e das súas comisións serán os locais municipais.

O Concello designará nos locais do Concello, un lugar destinado á secretaría do CDMC, dotado do mobiliario necesario para garantir o traballo e facilitar a custodia dos libros e documentos do CDMC polo/a secretario/a.

#### **Disposicións finais**

**Primeira.**–Queda facultado/a o/a concelleiro/a delegado/a de Deportes do Concello de Carballo para adoptar as decisións axeitadas e dilixenciar os trámites pertinentes, co obxecto de favorecer as reunións oportunas cos/coas representantes municipais no Consello Deportivo Municipal de Carballo.

**Segunda.**–Este regulamento do Consello Deportivo Municipal de Carballo entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.>>

### **<<REGULAMENTO DO RÉXIME XURÍDICO, XESTIÓN, USO E UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE TITULARIDADE DO CONCELLO DE CARBALLO**

#### **TÍTULO I.-NORMAS XERAIS**

##### **Artigo 1.-Ámbito de aplicación.**

1.–O presente Regulamento ten por obxecto regular o réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas titularidade do Concello de Carballo e dítase ao abeiro das competencias que nesta materia atribúe aos concellos os artigos 4.1.a), 25.2.l), e 26.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; artigo 55 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, e do artigo 13 da Lei 11/1997, do 22 de agosto, xeral do deporte en Galicia.

2.–O presente Regulamento será de aplicación á totalidade das instalacións deportivas municipais descritas no artigo 2 e de aplicación a aqueles/as usuarios/as definidos/as no artigo 10 do presente regulamento.

##### **Artigo 2.-Concepto de instalación deportiva municipal.**

Son instalacións deportivas municipais para os efectos da presente normativa todos aqueles edificios, dependencias ou recintos ao aire libre, cuberto, pechado ou aberto, equipados para desenvolver o deporte e a actividade física, en toda a súa gama de modalidades, posibilidades ou finalidades, incluíndo as zonas de equipamento, complementarias ou funcionalmente necesarias para o desenvolvemento da actividade física, sempre que sexan titularidade do Concello de Carballo.

##### **Artigo 3.-Cualificación xurídica dos bens destinados ao servizo público de deportes.**

1.–De conformidade co establecido na normativa sobre patrimonio das entidades locais, as instalacións deportivas municipais terán a cualificación de bens de dominio público, afectos ao uso público ou a prestación do servizo público de deportes.

2.–Teñen a mesma cualificación, os bens mobles afectados de forma permanente a calquera instalación deportiva municipal, tanto aqueles destinados especificamente á práctica deportiva municipal, como aqueles destinados ao mantemento das instalacións e equipamentos.

##### **Artigo 4.-Vixilancia e cumprimento da presente normativa.**

Correspóndelle ao Servizo Municipal de Deportes velar polo cumprimento do presente regulamento. O órgano competente do Concello, a proposta do Servizo Municipal de Deportes poderá ditar as normas e instrucións que sexan necesarias para desenvolver, interpretar e aplicar o presente regulamento. As ditas normas e instrucións estarán expostas en lugar visible para o coñecemento de todos os usuarios e usuarias das instalacións.